

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE), PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO E DO MANTENIMENTO DA FEDERACIÓN E DAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice FEGADACE dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte

conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FEGADACE aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que o obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social dos gastos de persoal e gastos correntes da FEGADACE e das súas entidades asociadas para o exercicio 2022 así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución de actividades, programas e servizos de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia que FEGADACE ten previsto desenvolver durante o ano 2022, co fin de contribuír á mellora das condicións e calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

